

BANDO INFORMATIVO

En relación á situación actual da crise sanitaria polo COVID-19 no Concello de Viana do Bolo, esta Alcaldía desexa informar á veciñanza que o Servizo Galego de Saúde vén de comunicar ón longo de esta mañá a actualización do número de contaxios, resultando que no Concello de Viana do Bolo hai, a día de hoxe, un **total de 22 positivos** confirmados. A **situación na Residencia de Maiores da Terceira Idade atópase estabilizada**.

Por este motivo, o Concello de Viana do Bolo **volta a situarse no Nivel 2 de alerta epidemiolóxica**. Non obstante, prégase ás veciñas e veciños que se **manteñan celosamente as medidas que esixen as autoridades Sanitarias de hixiene persoal e colectiva e o mantemento da debida separación entre as persoas**. Igualmente prégase que se **limiten o máximo as reunións familiares e que non se realicen reunións sociais**.

Do mesmo xeito, recórdase unha vez máis ó conxunto da veciñanza a necesidade de manter e respectar as limitacións adoptadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública para a celebración da Festividade de Tódolos Santos e Defuntos:

- En todo caso, deberán respectarse as **medidas de protección persoal**: uso de máscara, lavado de mans e mantemento dunha distancia de seguridade de 1,5 metros, así como o uso de panos desbotables ó tusir ou esbirrar, e desbotalos nunha papeleira tras o seu uso. De non dispoñer de panos, deberase cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado.
- O **número máximo de persoas** por grupo de visitas do mesmo grupo familiar/convivintes será de **4 persoas**. A **duración da visita** ó Cemiterio deberá ser o máis breve posible e, en ningún caso, deberá ser superior a **30 minutos**.
- A **circulación no Cemiterio** realizarase mediante o circuíto establecido. A **ENTRADA** realizarase pola porta situada na **R/ San Amaro**, e a **SAÍDA** pola porta do **Camiño do Cemiterio**.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo a 30 de outubro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

